

# EL SUR

Víctor Erice, 1983

# 1169

ESTREA EN NUMAX: 12.09.2023 | V.O. | TP | 93 min

“A Gaivota” é unha casa grande situada nas aforas dunha cidade do norte de España. Nela viven Agustín, médico e rabdomante, a súa muller, mestra represaliada polo franquismo, e a súa filla Estrella. A nena, desde a súa infancia, sospeita que o seu pai oculta un segredo.

«O drama español inacabado que é perfecto tal e como é»

John Patterson, THE GUARDIAN



## A estrela que ansiaba ser austral

Por Juan Carlos González A.

Un relato inacabado no momento de xestarse o filme, escrito pola filósofa e escritora andaluza Adelaida García Morales, constituíu a pedra na que se fundou o guión que Víctor Erice fixo para este filme e que constaba de dúas partes. Unha ambientada no norte de España e a conclusión, situada no sur do país, que Erice imaxinaba tomando como modelo *El Río* (1951) de Jean Renoir. Inicialmente, pensouse presentar como unha miniserie de tres capítulos para a televisión, pero durante a filmación esa idea abandonouse. Ademais, o produtor do filme, o veterano Elías Querejeta tomou a decisión de suspender a rodaxe de *El sur* trinta e tres días antes do estipulado e cando se chegaran a rodar cento setenta páxinas das trescentas noventa e cinco orixinais do argumento, sostendo que o guión contiña dous filmes diferentes e que o que se chegou a filmar constituía unha película rematada.

Enfrontando con altura as consecuencias artísticas desta decisión non consultada, Erice presenta o seu filme o último día do Festival de Cannes de 1983 e obtivo un recoñecemento instantáneo. Na roda de prensa deste certame o director afirmou que fixo a montaxe (xunto ao montador Pablo G. del Amo): “Como se tivese continuación, aínda que algúns elementos que aquí aparecen se explicarían mellor na segunda parte. Porén, asumín a situación e asino este filme. Sei que son así as leis da produción cinematográfica. Aínda que disinto dalgúns motivos da produtora para interromper a rodaxe, non quero polemizar sobre iso e acepto as cousas tal como están. Agora é o público o dono do filme”.

Ese dono sempre se preguntaría como sería se se filmase o filme completo e fósamos con Estrella ao sur para descubrir alá (...) as pezas perdidas do quebracabezas que constitúen a infancia e a adolescencia do seu pai. Constataría tamén que Agustín estivera namorado desa outra muller -Laura- que algunha vez foi actriz; e que dese vínculo nacera un fillo, Octavio, o seu irmán, ao que Estrella regala o péndulo do seu pai antes de regresar ao norte.

(...) Onte e hoxe Erice afirmou que *El sur* é unha cinta inacabada, rota, inconclusa á forza. Pero se nesas condicións constitúe un filme de esplendorosa forma e lírica narración (quizais involuntariamente debida a ocios argumentais orixinados polo non rodado), xa non é posible preguntarse que pasaría se se filmase por completo. O crítico e coguionista de *El espíritu de la colmena*, Ángel Fernández-Santos non se resigna, e nun texto pregúntase: “É *El sur*, tal como forzosamente quedou, o filme que ideou e pechou sobre se mesma o seu imaxinador? Ou é outra?”. Quizais a maxia do filme resida na súa forza evocadora, nese apuntar a un sitio/estado mental que nunca vemos pero que logramos intuír, e que no proxecto orixinalmente pensado se convertía en algo concreto e palpable, pero que agora é patrimonio eterno da imaxinación. Mellor querela como está, inasible como as volutas de fume, inalcanzable como a luz, inabarcable como o vento. *El Sur* existe tal como é. E así sabemos obra mestra.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*El espíritu de la colmena*,  
Víctor Erice.  
Divisa [DVD]

*El silencio de las sirenas*,  
Adelaida García Morales.  
ANAGRAMA, 1985

Víctor Erice y la música,  
José Ángel Lázaro López.  
Shangrila, 1974